

Revista escolar. Nº 38

Coordinación
Vanessa de Arriba Villares

Esta edición foi posible grazas ás
achegas de:

Educación Infantil
Educación Primaria
ESO
Coordinador do Equipo de biblioteca
Coordinadora de Dinamización da
Lingua Galega
Coordinadora do Equipo de
Actividades Complementarias e
Extraescolares

Edición
CPI Luís Díaz Moreno

Deseño e maquetación
Vanessa de Arriba Villares

Corrección lingüística
Belén Pérez Aldariz

Financiamento
CPI Luís Díaz Moreno

Colabora na financiación
Concello de Baralla

Biblioteca Escolar CPI Luís Díaz Moreno.

Estrada de Aranza,12
27680 BARALLA
cpi.diaz.moreno@edu.xunta.es
Teléfono: 982 870071

sumario

Xuño 2017

páxina

| | |
|------------------|----|
| Editorial | 3 |
| O Centro..... | 7 |
| Entrevista | 10 |

Equipo de Biblioteca

| | |
|---------------------------|----|
| A nosa biblioteca..... | 12 |
| Encontro co escritor..... | 14 |

Equipo de Dinamización da Lingua Galega

| | |
|------------------------------------|----|
| Rosalfate..... | 15 |
| A historia das Letras Galegas..... | 17 |
| Carlos Casares..... | 18 |

Educación Infantil

| | |
|-----------------|----|
| Tres anos..... | 21 |
| Catro anos..... | 26 |
| Cinco anos..... | 31 |

Educación Primaria

| | |
|---------------------|----|
| Primeiro curso..... | 36 |
| Segundo curso..... | 40 |
| Terceiro curso..... | 41 |
| Cuarto curso..... | 47 |
| Quinto curso..... | 49 |
| Sexto curso..... | 51 |

Educación Secundaria

| | |
|--|----|
| Departamento Xeografía e Historia..... | 54 |
| Sufraxistas..... | 58 |
| Ciencia con nome de muller..... | 59 |
| Ler e compartir..... | 62 |

Equipo de actividades complementarias e extraescolares

| | |
|----------------------|----|
| As celebracións..... | 64 |
|----------------------|----|

Educación Física de Educación Primaria

| | |
|-----------------------------|----|
| Os deportes de raqueta..... | 76 |
|-----------------------------|----|

Pasatempos

| | |
|-----------------------------|----|
| Pasatempos matemáticos..... | 77 |
| Pasatempos musicais..... | 81 |



CPI Luís Díaz Moreno de Baralla

A Consellería puxo en marcha en 2013 o **Protocolo para a prevención, detección e intervención en acoso e ciberacoso**, un documento que converteu a Galicia na primeira comunidade autónoma que recolle nun mesmo protocolo o tratamento do acoso e do ciberacoso. Este protocolo, agora baixo o paraugas da **Estratexia Galega de Convivencia Escolar 2015-2020**, recolle os pasos que deben darse ante una posible situación de acoso ou ciberacoso e tamén as diferentes estratexias de prevención.

O Consello para a convivencia escolar da Comunidade Autónoma de Galicia aprobou en 2015 a **Estratexia Galega de Convivencia Escolar 2015-2020 “educonvives.gal”**, que ten como obxectivo fornecer o profesorado, nais, pais e equipos directivos dunha serie de recursos que lles permitan abundar na mellora da convivencia escolar dende a óptica integral e inclusiva. Nesta liña búscase facilitar orientacións para actuar con rapidez diante de eventuais situacións problemáticas para a convivencia, así como a súa prevención a través de formación en materia de saúde, identidade de xénero, identidade dixital -uso de redes sociais, etc-, ou loita contra o racismo e xenofobia

A estratexia estrutúrase en cinco eixos. O primeiro deles céntrase na diagnose e seguemento, a través da difusión de documentos de recollida de datos entre os diferentes sectores da comunidade educativa, unha información da que despois disporá de forma individual cada centro para elaborar os seus propios plans de convivencia, e o devandito consello para fixar metas e obxectivos a nivel autonómico. Para iso realizouse unha enquisa entre 200.000 membros da comunidade educativa.

O segundo eixe pretende impulsar a investigación nesa materia, así como a difusión de casos de éxito e boas prácticas como exemplos para a prevención e para a actuación diante de conflitos ben a través da elaboración de materias que os recollan, ben mediante o intercambio de experiencias; así como a formación dos docentes nesta materia.

O terceiro eixe da estratexia céntrase no apoio aos centros e á comunidade educativa a través da creación dun fondo documental e de asistencia xurídica en materia de convivencia, conformado por normativa, estudos, traballos de investigación... ao respecto; así como do impulso da creación de protocolos –normativos e orientativos- que, no marco da autonomía dos centros, favorezan a abordaxe de diferentes situacións de conflito. Así mesmo, afondarase na colaboración cos servizos de menores e outras institucións e prestarase orientación aos centros para a elaboración de cadanseu plan de convivencia e para a xestión da convivencia en espazos como o transporte, o comedor ou os recreos.

O cuarto dos eixes da Estratexia ten como obxectivo as vertebracións das iniciativas e accións comunitarias encamiñadas á mellora da convivencia escolar, tales como o fomento da constitución dunha rede de escolas de nais e pais, así como o impulso da relación entre os centros e as institucións do seu contorno que desenvolven iniciativas en prol da mellora do clima nas aulas, e coas familias, entre outras accións.

Pola súa banda, o eixe cinco contempla que se faciliten aos centros modelos para a xestión de expedientes e de medidas correctoras mediante o fornecemento dunha guía de modelos de xestión e documentos orientativos, normalización de modelos de coordinación cos servizos sociais e outros axentes implicados na protección dos menores, entre outras accións. Ademais, neste mesmo eixe, está previsto potenciar a mediación escolar mediante o establecemento dunha rede de mediación, con formación de alumnado e profesorado na teoría e práctica da mediación e na resolución conciliada de conflitos.

No marco desta Estratexia a Consellería realizou en 2015 un **macro cuestionario para testar a convivencia nos centros**, no que participaron case 200.000 persoas, o que o converte na maior enquisa que saibamos que se fixera nun sistema educativo en España. Este cuestionario ofreceunos unha diagnose moi exhaustiva, da que concluímos que preto do 85% das familias declaran que os seus fillos non teñen padecido ningunha conduta contraria á convivencia.

No referido ao acoso escolar, as familias situárono no oitavo posto entre as condutas contrarias á convivencia (só 1,33% das familias ten a percepción de que o seu fillo/a foi obxecto dunha situación de acoso nalgún momento da súa traxectoria escolar); e os alumnos situárono no último ou penúltimo lugar.

Aínda que o sistema educativo galego presenta unha boa situación de convivencia, a consellería quere seguir avanzando neste ámbito para corrixir calquera conduta nociva que se detecte. Por exemplo, reforzando a formación do profesorado na resolución pacífica de conflitos ou a través da mediación ou, ao abeiro dos contratos-programa, promovendo proxectos específicos en materia de convivencia. De feito, no curso 2015/2016, un total de 106 centros optaron por esta iniciativa.

Aínda que o sistema educativo galego presenta unha boa situación de convivencia, a consellería quere seguir avanzando neste ámbito para corrixir calquera conduta nociva que se detecte. Deste xeito, e a raíz deste cuestionario, establecéronse unha serie de medidas nas que incidir, entre elas:

- Reforzar a formación do profesorado (a través dos Plans de Formación anuais) na resolución pacífica de conflitos ou a través da mediación.

- Incentivar, promover e formentar os encontros entre centros e realizar intercambios de experiencias favorables.
- Fomentar e difundir a rede de centros mediadores (de feito, a Rede Galega de Centros pola Convivencia Positiva vén de recibir un premio internacional polo seu traballo neste ámbito).
- Ao abeiro dos contratos-programa, reforzar os proxectos específicos en materia de convivencia.
- Establecer liñas de apoio e reforzo do papel da titoría, dotando de máis medios formativos, de ferramentas pedagóxicas e de formación en habilidades sociais.
- Orientacións para recreos, entradas e saídas do centro, xa que soen ser os espazos máis conflitivos.
- Promover Escola De Nais e Pais dende as estruturas de formación da Consellería, tal como se establece na Estratexia Galega de Convivencia.
- Potenciar unha rede de mediación que implique a profesorado e alumnado, que dispoñan das ferramentas axeitas para a resolución conciliada de conflitos.

Séguese a traballar no eido da prevención e actuación ante calquera conduta violenta ou contraria á convivencia. De feito, o pasado mes de setembro presentouse, en colaboración coa Vicepresidencia da Xunta (a través da Secretaría Xeral da Igualdade), o **Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020, no que ten un especial protagonismo a loita contra a violencia de xénero**. Dito plan de igualdade no ámbito educativo consta de 28 obxectivos e 87 medidas e réxese por catro principios fundamentais:

- Introducir a igualdade de xénero como un elemento transversal e sempre presente na actividade educativa.
- Construír unha sociedade igualitaria empregando a educación como medio.
- Buscar o obxectivo violencia cero nas aulas e na sociedade.
- Educar na integración plena de todas as persoas, por riba da súa opción afectiva ou sexual (neste ámbito púxose en marcha o protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero).

Doutra banda, ademais de incluír a igualdade de xénero nos currículos de todas as etapas educativas, Galicia conta por primeira vez neste curso coa **materia de libre configuración autonómica de Igualdade de Xénero**, para alumnos de 1º e 2º ESO. Tamén se está a traballar na implantación dun ciclo formativo de grao superior para incluír a perspectiva

de xénero na Formación Profesional e continuarase cos cursos de formación do profesorado, nos que se aumentarán os contidos relacionados coa igualdade no ámbito educativo.



educonvives.gal

Estratexia galega de convivencia escolar 2015-2020

Rehabilitación integral do CPI Luís Díaz Moreno

O CPI Luís Díaz Moreno constrúese no ano 1972 como consecuencia do “Plan Galicia” enmarcado na Lei Xeral de Educación, aprobada en 1971. Está situado na Estrada de Aranza nº 12, na localidade de Baralla (Lugo) a 42°53'31.5" N de latitude, 7°15'24,7" O de lonxitude e 483m de altitude. As instalacións do centro son usadas regularmente por un total de 140 alumnos/as e 30 traballadores/as.

Cinco edificios integran o centro: edificio principal, edificio administrativo, aula de música (antiga casa do conserxe), ximnasio e pista cuberta.

O CPI ten unha tipoloxía construtiva propia dos anos do “desarrollismo” en España (1960-1980). Esta tipoloxía presenta unhas elevadas transmitancias térmicas nos compoñentes da súa envoltura, debido á ausencia de illamento térmico. As características enerxéticas do centro resúmense en :

- ✓ Nivel de infiltracións moderado –alto. Existen importantes entradas de aire exterior a través da envoltura, destacando sobre todo as caixas das persianas.
- ✓ Alto coeficiente global de transmisión de calor. Os cerramentos orixinais carecen de illante e producen perdas importantes de calor por conduction ao exterior.
- ✓ Obsolescencia e baixa eficiencia enerxética no sistema de iluminación do centro.
- ✓ Necesidades de mantemento. Os elementos móbiles como as persianas; ou os eléctricos, como as luces, requiren de mantemento constante para poder funcionar no estado óptimo.

A súa cualificación enerxética actual é G.

O estado actual do centro xustifica as actuacións co obxecto de acadar unha rehabilitación integral do mesmo na que se identifican dúas partes:

PARTE I: EFICIENCIA

- ✚ Illamento de fachada polo exterior mediante sistema SATE: Sistema illante de envoltura continua polo exterior (fachada), co que se consegue un aforro enerxético superior ao 30%.
- ✚ Substitución de ventás de carpintería de aluminio con rotura de ponte térmica e vidro dobre baixo emisivo. Tamén se substitúen persianas, con illante térmico interior.
- ✚ Substitución de material de cubrición por panel tipo “sandwich”, con núcleo illante.
- ✚ Substitución de luces por equipos de alta eficiencia enerxética.

Todas estas medidas combinadas supoñen un aforro enerxético anual do 48,5% no CPI Luís Díaz Moreno de Baralla.

PARTE II: OTRAS ACTUACIONES

- ✚ Reparación e pintado de paramentos interiores, cores a determinasr pola DF en base ó estudo cromático elaborado polo Colexio de Arquitectos de Galicia (COAG).
- ✚ P.A. para elementos de identidade corporativa, marquesiña, logos e peche, características a determinar pola DF, segundo estudo elaborado polo COAG.

DESCRIPCIÓN DA ACTUACIÓN

- Cuberta: rehabilitación enerxética da cuberta, de superficie total 1725m² , substituíndo a existente por outra de panel enteiro, sen solapes , de 30mm. de espesor , conformada por chapa de aceiro galvanizado, perfil nervado, lacado ao exterior e ao interior, con recheo intermedio de espuma de poliuretano.
- Fachada: illamento exterior continuo mediante un sistema SATE, baseado en adherir placas de poliestireno expandio EPS, mediante unha capa de morteiro de pegado e malla embutida e segunda capa de morteiro coloreado como capa de terminación. Na parte baixa do cerramento e ata unha altura de 2m as placas serán adheridas cunha capa de morteiro armado con malla antivandálica en fibra de vidro con tratamento antiácalis e unha segunda capa de acabado estuco flexible.
- Carpinterías exteriores e persianas: substituíronse un determinado número de ventás definido no proxecto técnico, por novas follas de carpintería exterior, corredeira de aluminio anodizado con rotura de ponte térmica e dobre illamento “climalit”. Tamén se instalaron novas persianas de aluminio anodizado con lamas de 80*30mm e illamento térmico a base de espuma inxectada de poliuretano e tornos para accionamento mediante cable baixo guía.
- Luces: Realizouse unha renovación da instalación da iluminación instalando pantallas LEC de menor consumo cás existentes, o que mellorará a eficiencia enerxética global da edificación. Para o control do nivel de iluminación, dispoñeranse equipos de regulación multisensor, que integran o control da ocupación e a luz natural, regulando gradualmente o fluxo das luces cando o nivel da iluminación sobre o plano de traballo debido á achega de luz natural estea por encima do valor seleccionado.
- Pintura interior e identidade corporativa: procedeuse ó pintado dos paramentos interiores do centro con pintura plástica mate de máxima calidade, así como a creación de identidade corporativa do centro con marquesiña, logos e peche con características a definir pola DF.
- Traballos previos, demolicións, xestión de residuos, seguridade e saúde.

Investimento total global: 523.021,28€.

Co conxunto destas actuacións acadarase unha cualificación enerxética C en consumo de enerxía primaria non renovable e D en emisións de dióxido de carbono



ENTREVISTA A CARMEN MÉNDEZ

Para a edición da revista escolar nº 38, do curso escolar 2016-2017, contouse coa colaboración da actriz Carmen Méndez, nacida en Neira de Rei e alumna deste centro.

Ela sostén que a súa vocación xa estaba aí, “dentro” da nena que fixo a primaria no colexio de Baralla, que foi ao instituto en Becerreá “como todas as nenas da montaña de Lugo” e que estudou 8 anos de violín no conservatorio de Lugo e, asemade, a Enxeñaría Técnica Industrial en Química no Campus lugués da USC. A Moza de Neira de Rei continuou os estudos na Universidade Rey Juan Carlos de Móstoles (Madrid), onde cursou a Enxeñaría Superior en Química e iniciou o contacto coa interpretación no teatro universitario.

“Unha vez acabei a carreira, matriculeime en Réplica Teatro, unha escola privada, e alí foi onde estudei interpretación. Traballaba como enxeñeira para pagar as clases de teatro e tiven moita sorte porque conseguín un traballo moi bo, dos de rematar ás tres, que me permitía facer moitísimas cousas”, relata¹

Un ERE na empresa na que traballaba en Madrid presentouse como unha oportunidade para Carmen que había tempo que sabía que a súa verdadeira vocación era ser actriz.

O seu é un rostro cada vez máis coñecido para os galegos polas series da TVG: Pazo de Familia, Libro de Familia...

Pregunta: Que recordos gardas do teu paso polo CPI Luís Díaz Moreno?

Resposta: Gardo moi bos recordos do colexio...Foi unha época moi bonita, era una nena que gozaba moito indo ó cole. Acórdome ademais que nos recreos xogaba moito ó fútbol e ó baloncesto!

Pregunta: Como cres que influíu o teu paso polo CPI na túa carreira profesional?

Resposta: Todas as experiencias que tes inflúen ó final en ti como persoa. Vas aprendendo...vas medrando e todo o que viviches lévalo aí contigo. Como actriz traballamos con emocións e polo tanto todo o que vivimos xa dende nenos é experiencia vital que por suposto che axuda á hora de interpretar e poñerte na pel dun personaxe.

Pregunta: Mantés contacto con algún dos teus compañeiros/as?

1

El Progreso

Resposta: Si que teño contacto con xente do colexio, claro! Aínda que vou pouco por Baralla e cando vou, vou directamente a Neira de Rei... cando me atopo con algún compañeiro do colexio sempre é unha alegría...

Pregunta: Recordas con especial cariño algún mestre/a da túa época como alumna no noso cole?

Resposta: Si! Recordo a moitos... especialmente a Don Emilio, tíñalle un cariño especial...como profesor e como persoa. Gardo moi bos recordos del.

Pregunta: Podes contarnos algún proxecto que teñas a curto prazo?

Resposta: A curto prazo gravarei outra nova tempada de Pazo de Familia e unha curta. E hai algunha cousiña máis, pero que non podo adiantar jaja!

Moitas grazas pola colaboración.



A NOSA BIBLIOTECA



Este ano o equipo da biblioteca seguiu a traballar para que esta fose un lugar máxico de encontro.

O noso proxecto contou cun montón de actividades coma contacontos, lecturas compartidas, exposicións, concursos, guías de lectura , o Recuncho dos Contos...

Coma o ano pasado, a nosa mascota Camaleo , tivo un papel destacado; acompañándonos en moitas das actividades.

Este ano seguimos co proxecto PLAMBE, e a temática escollida foi a LITERATURA CLÁSICA.

Sempre temos actualizada a base de rexistros, coas últimas novidades en libros, CDs e DVDs, o mesmo que os "e-Readers"(que non acaban de ter moita aceptación).

O sistema de préstamo do proxecto Meiga funciona moi ben. E a través del , podemos estar conectados coas demais bibliotecas do país;tanto de centros educativos como de bibliotecas públicas. Podendo ter en conta as recomendacións que alí se nos fan.

A biblioteca é un dos eixos vertebrais de todas as actividades do centro, formando parte tamén das conmemoracións que se celebran ao longo do curso.

Neste curso académico estivemos de obras en case todo o centro, incluída a biblioteca.

Cambiáronse as ventás, a iluminación e pintouse algunha parte.

A pesar das obras, púidose traballar con total normalidade.
O equipo de biblioteca espera e desexa que esta siga sendo un lugar de encontro de toda a comunidade educativa, para viaxar a través das máxicas historias dos libros.
Aquí vos esperamos!



ENCONTRO CO ESCRITOR MIGUEL ÁNGEL ALONSO DÍZ

O alumnado de 3º, 4º, 5º e 6º de Educación Primaria gozou dun encontro co escritor Miguel Ángel Alonso Díz. Puideron coñecer de primeira man o proceso creador do conto "A nena á que non deixaban ser feliz", dende as primeiras ideas de inspiración ata os pasos implicados na edición. O alumnado desta actividade didáctica traballou previamente na aula o conto, e durante o encontro co escritor preguntándolle con curiosidade polo seu proceso creador.



#ROSALÍATE

A Asociación de Escritoras e Escritores en Língua Galega promove desde 2010 a conmemoración, o 24 de febreiro, aniversario do nacemento da autora, do Día de Rosalía de Castro.

Este ano celebrouse o 180 ANIVERSARIO DO SEU NACEMENTO



Manifesto da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) no Día de Rosalía de Castro 2017

En Galicia existen infinitas formas de amencer: abrete, alborada, clarexa, luzada, rompente. A lírica que abraza os versos de Rosalía posúe as cores reveladoras da primeira luz.

Imaxino a Rosalía no século XIX e vexo unha muller que se aferra ás palabras sen complexos e fai con elas o que o corazón lle pide ao oído en cada instante: fitas de encaixe, diamantes, armas de construción masiva ou versos predestinados a furar as conciencias e facer cambalear os piares do inmovilismo.

Esa é ela. Unha xigante que non precisa respiración asistida, nin prantos, nin ritos florais. Os pulmóns da súa obra aférranse ao futuro e ínflanse coa forza dun país que respira cultura por cada fenda.

En Galicia existen infinitas formas de querer e nós queremos paxaro, lume, emoción. Querémoste eléctrica e lúa. Insubmisa e valente. A voz que hoxe portaría unha pancarta na cabeza dunha manifestación contra a violencia machista ao berro de: Basta xa, queremos vivas! A que quedaría afónica de solicitar, día tras día, unha maior presenza do galego na escola, na rúa, na vida. Na Galicia nosa que se estremece por momentos.

Imaxino a Rosalía e véxoa afirmando: Son muller e son galega. Reivindícome como escritora na miña propia lingua e non consinto que ninguén apague a miña voz. Estou tan viva que os meus versos rabuñan as paredes do panteón de galegas ilustres ata facelas sangrar. Négame a ser unha estranxeira exiliada na miña patria. Quero abarcar toda a luz e contaxiarte.

En Galicia existen infinitas formas de chover,
Como chove miudiño,
como miudiño chove,
pola banda de Laíño,
pola banda de Lestrove.



O alumnado do centro homenaxeou a Rosalía de Castro polo seu 180 Aniversario do seu Nacemento



A HISTORIA DO DÍA DAS LETRAS GALEGAS

A historia do Día das Letras Galegas comeza en Marzo de 1963, cando tres membros da Real Academia Galega enviaron ó seu Presidente unha carta na que propuñan consagrar unha proposta histórica: *Que se declarase o día 17 de maio de cada ano "Día das Letra Galegas" como data para "recolle-lo latexo material da actividade intelectual galega"*.



Propúñase este día porque foi cando Rosalía de Castro adicou o seu libro **Cantares Gallegos** ao tamén poeta Fernán Caballero, e estimaban que o libro rosaliano, editado cen anos antes, no 1863, fora a primeira obra mestra da literatura galega contemporánea, a cal deu prestixio á nosa

fala como instrumento de creación literaria.


Así pois, aprobada a proposta, ficou o 17 de Maio como data na que se celebraría, anualmente, o DÍA DAS LETRAS GALEGAS, e xa neste primeiro ano, a festa tivo un alcance e unha significación extraordinaria, e foi moi ben acollida non só a nivel literario, senón tamén nos ambientes populares.

A partir desta data, fóronse celebrando cada ano días das Letras Galegas adicados cada un deles a unha figura significativa, elixida pola Real Academia Galega, cumprindo os seguintes requisitos:

- Ter unha obra literaria relevante escrita en galego
- Levar dez anos, ou máis, falecido.
- Ter apoio de , polo menos, tres membros da Real Academia.

Unha vez cumpridos os requisitos, a institución finaliza o proceso escollendo a figura homenaxeada tras un debate, acostumando a anunciar o seu nome a comezos do mes de xullo.

O HOMENAXEADO ESTE 2017 É CARLOS CASARES



Viaxeiro e lector incansable, mantivo unha íntima amizade con Álvaro Cunqueiro, con Ramón Piñeiro e con Gonzalo Torrente Ballester. Carlos Casares Mouriño naceu en Xinzo de Limia (Ourense) o 24 de agosto de 1941, e faleceu aos 60 anos o 9 de marzo do 2002, casado cunha muller sueca e pai de dous fillos.

Foi desde xornalista deportivo ata deputado no primeiro Parlamento galego, elixido como independente co PSG-PSOE. Catedrático de Literatura, era presidente do Pen Club de Galicia e dirixía a editorial Galaxia, fundada polos galeguistas na posguerra como un instrumento de resistencia fronte ao xugo cultural da ditadura.

Conversador fóra de serie, sempre cun abundante arsenal de anécdotas a man, tiña unha aversión case física ao enfrontamento e ó conflito. Esa tolerancia case ilimitada carrexoulle paradoxalmente algúns desgustos: desde o nacionalismo máis radical sinalóuselle en ocasións como unha especie de traidor.

Produciu traballos sobre a vida e obra de Vicente Risco, Otero Pedrayo, Ramón Piñeiro e Curros Enríquez. O humor, a sinxeleza e a claridade no

tratamento dos temas que afectan o mundo de hoxe constituíron as marcas máis características do seu estilo narrativo e ensaístico.


En Casares producíase unha identificación case total entre a súa personalidade e o seu estilo como escritor. Tanto na súa prosa como na súa vida tratou de fuxir da pompa e do exceso de retórica. O seu esforzo literario foi unha pugna pola procura dun estilo sinxelo, límpido, dunha luminosa transparencia. Seguramente no fondo era un escéptico ou mesmo un pesimista, pero encubríao cunha ironía radiante e amable e cunha actitude vitalista. As súas novelas inscríbense na tradición do realismo, aínda que moi adaptado á súa época e cun alento cosmopolita (o seu escritor de referencia era Albert Camus) que rompeu no seu día co costumismo da literatura galega.

Debutou en 1967 co libro de relatos *Vento ferido*, e alcanzou o seu gran éxito oito anos despois coa novela *Xoguetes para un tempo prohibido*, testemuño da resistencia antifascista en Galicia. Tamén fixo incursións no teatro e a biografía, para a que estaba especialmente dotado, e mantivo colaboracións fixas na prensa diaria. A súa última novela publicada, *Deus sentado nun sillón de brazos azul*, data de 1996. Aínda que recibiu en dúas ocasións o Premio da Crítica española e foi finalista do Premio Nacional de Narrativa, a súa obra tivo pouco eco fóra de Galicia. Despois duns meses do seu pasamento saíu á luz a novela en lingua galega *O sol do verán*, construída a partir dunha historia de amor.

Como escritor de literatura infantil publicou *A galiña azul* (1968), *As laranxas máis laranxas de tódalas laranxas* (1973), *Ou can Rin e ou lobo Crispín* (1983), *Lolo anda en bicicleta* (1996), *Ou galo de Antioquía* (1994), *Un polbo xigante* (2000), e a serie de Toribio(1991-1994)



Traduciu varias obras ao galego, como *O principião* (1983) do francés Antoine de Saint-Exupéry, *Os escaravellos voan á tardiña* (1989) da sueca María Gripe e *O vello e o mar* (1998) do estadounidense Ernest Hemingway.



Equipo de Dinamización da Lingua Galega

PRESENTACIÓN DE MASCOTAS. 4º DE EDUCACIÓN INFANTIL(3 años)

Na clase dos nenos e nenas de tres anos, as tardes dos luns foron as máis esperadas por un motivo moi especial; as familias viñan presentar as súas mascotas.

Xunto co animal doméstico traían un dossier a través do cal nos achegaban diferentes datos: nome da mascota, medida, peso, tipo de alimentación, xogos e/ou xoguetes preferidos...


Foron momentos moi especiais para os nenos/as nos que tiveron a oportunidade de coñecer como é a vida dos diferentes animais domésticos do seu entorno e de porse en contacto físico con eles, concienciando os máis pequenos de que, entre outras necesidades básicas, os animais tamén teñen necesidades afectivas.

Aquí vos presentamos os verdadeiros protagonistas da actividade...





MOMA



NEVADO



NEMO



NICO



PIRULETA




PERICO






ROCKY



SUNNY



SALTARÍN




ZIPLE ZAPE

A continuación, podedes ver en imaxes os bos momentos que pasamos grazas a estas visitas animais...







www.pequemamuts.blogspot.com.es



COUSIÑAS DOS NENOS E NENAS DE E.I. 4 ANOS

- Imos ensinarvos o noso recanto botánico que empezamos a facer despois do Entroido, cando xa parecía que era primavera e aínda estabamos no inverno.

Buscamos terra e testos e fomos comprar as plantas á tenda do Toño.

Mercamos plantas de flor e tamén algún amorodo.

De volta á clase puxémonos mans á obra:

1. Botamos terra nos testos. Moita terra!



2. Remexemola ben. Moi ben!



3. Plantamos as plantas



4. Regámolas ije a medrar!!.



E claro que medran porque cando teñen sede dámoslles auga e ademais dormen ao quentiño. Cando mellore o tempo sacarémolas para fóra.

Sementamos tamén sementes de repolo e cabazas, e cando broten, levarémolas para o horto das nosas casas para coidalas alí.



Aproveitando que se celebraba o día da árbore e pensando que é moi importante plantar unha árbore na vida, fixémolo.

Plantamos unha Fotinia pequeniña porque nos gusta vela medrar. Puxémola nun testo e, cando sexa máis grande, ímola plantar fóra. Alí gustaralle máis estar e verémola sempre que pasemos diante do noso colexio. Será a nosa árbore do cole.



- Tamén vos imos contar que moitas veces facemos comidiñas de verdade na nosa clase.

Neste mes de marzo fixemos freixós. Imos contarvos como:

1. Preparamos ovos, fariña e leite



2. Mesturamos todo co batedor



3. Fritímolos na tixola



O seguinte paso foi comelos con mel ou azucre. Boísimos, ¡estaban boísimos!. Todos os probamos e ben seguro que pronto repetiremos.



Tamén fixemos algún con auga en lugar de leite.

Gustounos moito esta actividade aínda que a cociña tardaba algo en coller calor e o tempo corría, pois enseguida viñan as catro, as cinco... e o bus na cancela...

OS ANIMAIS SALVAXES DOS ANCARES. 6º EDUCACIÓN INFANTIL



Os nenos e nenas de 6º de Educación Infantil comezamos no Proxecto de "Protexe os animais" dentro do Plan Proxecta e escollemos a temática dos animais salvaxes, centrándonos principalmente na fauna dos Ancares, posto que nos chama moito á atención.

Tamén temos moita curiosidade por coñecer o Parque Natural dos Ancares, un espazo protexido que é tamén Reserva da biosfera, e que está cerca da nosa localidade.

Seleccionamos os animais que máis nos gustaron para traballar ao longo do proxecto, e estes foron: o oso pardo, o lobo, o cervo, o rebezo e o xabaril, (aínda que nos gustaban moitos máis)

O seguinte que fixemos foi recoller información acerca destes, a través de libros da biblioteca da aula e do cole., coa colaboración das familias e material que outro profesorado do centro nos achega, a través da internet e numerosos blogs e páxinas webs...



Unha vez que xuntamos suficiente material, creamos na aula un recuncho para colocar todo e ir expoñendo as nosas producións.

O noso recuncho do proxecto



Algúns dos libros nos que buscamos información









Aprendemos acerca destes animais dunha maneira globalizada e motivadora, a través da lectoescritura, a lóxica matemática, a educación artística etc..., con material tanto estrutural, como elaborado por nós mesmos e pola mestra.



Escollemos o primeiro animal que imos estudar, neste caso o oso pardo. Investigamos para saber moitas cousas deles..., como son, onde viven, de qué se alimentan...

Algunhas das actividades que levamos a cabo:

Nome: _____ Data: _____

| | | | |
|---|----------------------|----------------------|---|
|  | <input type="text"/> | <input type="text"/> |  |
|  | <input type="text"/> | <input type="text"/> |  |
|  | <input type="text"/> | <input type="text"/> |  |

Completa cos seguintes nomes: oso negro, oso panda, oso polar, oso pardo, oso de anteollos, oso bezudo.



O seguinte animal que traballamos é o lobo.




Xa sabiamos moitas cousas acerca deste, pero nos contos que coñecemos sempre aparece como o malo..., polo que comezamos a ler contos nos que os lobos non sempre son tan feros como pensabamos.



Ao igual que fixemos co oso, partimos de todo o material que fomos xuntando. Lemos moito sobre eles, vemos vídeos en internet, manipulamos material que nos achega á figura deste animal.

Coñecemos as súas características físicas, o seu hábitat, os seus costumes, a súa alimentación e o seu carácter...

Encantounos coñecer este animal..., fixemos moitas actividades:





Ademais, ao longo do trimestre fixemos unha saída a Lugo relacionada co proxecto; visitamos o Museo provincial, onde levamos a cabo unha actividade na que tivemos que atopar distintos animais agochados nas diferentes obras de arte.

Tamén visitamos a Protectora de animais da cidade, na que o alumnado de 4º e 6º coñeceu algúns dos cans que teñen e como podemos facer para axudalos, tanto a través do apadriñamento como da acollida. Eran encantadores!!!!



Ademais, no mes de abril, recibimos unha charla por parte de dous profesionais que traballan no Centro de Conservación da Natureza de Lugo, que nos achegaron moita información actualizada acerca destes animais e da súa situación nos Ancares, ensinándonos moitas fotos respondendo as nosas preguntas...

Encantounos todo o que nos contaron!!!!



Estivemos moi atentos á explicación!!!


Non perdemos detalle!!!!



Agardamos que vos gustase todo o que vos contamos. Ata a próxima a todos/as. Unha aperta. Os nenos e nenas de 6º de E.I



OS TRES AMIGOS...



NOME: Coati


Onde vive? América do Sur

Como se despraza? Por terra

Como cobre o corpo? Con pelo

De que se alimenta? E comizansa

Como se reproduce? dentro da mae



NOME: Tucano

Onde vive? Na América do Sur


Como se despraza? pelo aire

Como cobre o corpo? de plumas

De que se alimenta? de plantas

Como se reproduce? por ovos

Outras características: o seu pico ocupa a terceira parte do corpo



NOME: Dragón de Comodo

Onde vive? Illa de Comodo

Como se despraza? por terra, reptando


Como cobre o corpo? con escamas


De que se alimenta? de carne, é carnívoro

Como se reproduce? por ovos, é oviparo

Outras características: chebra moi mal. A sua cola e moi longa. Mede 4 metros









Primeiro curso de Educación Primaria

AS PLANTAS MEDICINAIS

TOMIÑO

Nome científico: *Thymus*.

Especie de planta aromática herbácea e perenne. Ten moitos beneficios para a saúde: elimina bacterias, e boa para a dor de cabeza, para a inflamación, alivia a congestión do peito e a tose.

Noa



ALOE VERA

Emprégase para queimaduras e problemas da pel, para o estrinximento, para eliminar fungos e virus...



Javier, Hugo, Carlota, Zeltia, Cristina e Rubén.

ROMEU

Emprégase en infusión, en aromas e en medicina.

O fume de romeu serve como tratamento para a asma. O alcol de romeu utilízase para dores reumáticas e lumbalxias, e en friccións como estimulante do coiro capilar. A infusión de follas de romeu calma a tose.

Infusión: Engádense catro culleradas de follas a un litro de auga fervendo, apágase o lume e déixase repousar dous minutos.

Mateo, Gabriela, Alicia e Ánxela.



ARANDEIRA

Ten froitos azuis comestibles que se empregan contra a diabete, como laxante e contra a fragilidade capilar polo seu alto contido en vitamina P.

Estrella



CELIDONIA

Emprégase para limpeza ocular, para curar as neumonías. Tamén como sedante, calmante da dor e para tratar calos e verrugas (uso externo). Recoméndase só en uso externo pola súa toxicidade

Samuel



EUCALIPTO

Úsase para arrefriados, tose, problemas respiratorios ou dor de gorxa.

Nerea



MENTA

É unha planta medicinal utilizada para tratar doenzas do aparello dixestivo, do aparello respiratorio, ou da pel. Ten as seguintes funcións: dixestiva, antiinflamatoria, expectorante e aperitiva.

Martín







ABRIL



A auga en abril enche o carro e o carril

Chova en abril e maio e non chove todo o ano

Mo tres de abril queixas mil




SETEMBRO



Setembro, ou levas as pantas ou secas as pantas.

En setembro, á vendima recendo.

O que queira leoa vendima facer, que se peña en setembro a recoller.



Pala San Miguel, xa a colleita se se leen.

Se queres mel, cata pala San Miguel, se queres abellas cata pelas Candelas.



O U T V B R O



Neva en outubro, sete meses cubre.

Outubro quente, inverno detente

Outono chegar e a paros a cebate.



X A N E I R O

"Non hai lúa coa de xaneiro nin amor coma
o primeira!"

"A galinha de xaneiro pon o ovo no palleiro"

En xaneiro

pon os pés no braseiro"





MARZO

Se marzo pasou e o cuco non chegou, é que algo lle pasou.

Nin marzo con flores nin marzo sen amores.

Marzo marzo, treboñ e raiola

MAIO

"En maio aínda avella queima o tallo"
"Maio pasou como un raio."
"Nin maio sen treboñ, nin home sen calzóns."
"Are quen arou, que maio xa pasou"
"Auga en maio, pan todo o ano."



"Febreiro, sete Capas e un Sombreiro."





"Febreiriño corto, cos seus vinteoito se máis durara non quedaba con nin gato, nin rato no buratto."

"Febreiriño a febreixar e a porreitiña do pan a mediar."

NOVEMBRO

Novembro, ditosa mes, empieza con Santos, acaba con San Andrés.

Por todos os santos, nevamos campos.

| | | | |
|---|----------------|--|--------------------------|
|  | Outono quente, |  | Trabal e demo no ventre. |
|---|----------------|--|--------------------------|

Na mes de mortas, non saches a horta, non coopes as partes.





XUNO

Por San Xoán, as onces son día dono

Auga de San Xoán, nin palla nin gram.

En San Xoán a sardiña molla e pan.

En San Xoán hai gaitas por pan.



XULLO

Xullo, arde e patacas colbre.

Por Santiago éscandele a coella a ruba

O que non aproveita xulla para se bañar,
que ten metade do río e do mar.

Xullo arduado, millo arrendado.





Nós tamén aprendemos

Os Ancares e a auga; Proxecto Ríos.


No inverno que acabamos de pasar choveu un 36% menos do normal (78% menos no mes de decembro) e foi máis cálido do habitual (un decembro e febreiro moi cálidos e un xaneiro frío). Pola contra na costa do Mediterráneo as chuvias foron moi abondosas e mesmo causaron estragos.

Que é o que está a suceder?

A auga da chuva é a única auga da que dispoñemos. Se chove teremos auga, se non chove ...

Ela é o centro de toda a vida que nos arrodea. Ríos, regos, regatos, fontes, augas subterráneas aliméntanse da auga que nos traen as nubes empurradas polo vento dende o océano.

Nenas e nenos de 4º, 5º e 6º de Primaria e 2º da ESO participan un ano máis dun programa de estudo sobre os ríos, sobre o Río Neira; o Proxecto Ríos.



Mapa da comarca dos Ancares destacando os ríos

Utilizamos documentación previa para saber previamente o que imos facer: mapas, fichas, guías ... Temos que saber tamén onde centraremos o traballo.

Chamamos a quen sabe máis ca nós.



Nenos e nenas na procura dun lugar de mostrax
Germán e Suso, técnicos da Xunta



Un dos temas máis importantes a ter en conta é o bosque de ribeira. Aí podemos atopar moita vida, moita biodiversidade. Hai que estar moi atentas, moi atentos e ser persoas moi observadoras.

A vexetación de Ribeira

Hai árbores, plantas



Anémone nemorosa

Lirio Bravo



... fungos ...



Caracol de Quimper



Lesma

... animais de todo tipo ...



Ortigueira



Píntega



Lagarta

Lavandeira Real

E logo de observar toda a contorna, imos estudar o propio río. Temos para iso máis axuda para como facelo: o grupo ecoloxista ADEGA ten unha páxina en internet: www.proxectorios.org E a Xunta de Galicia outra: www.mapas.xunta.gal .

Necesitamos material para a toma de datos ao xeito das persoas científicas.





Medimos o río; largura, profundidade, temperatura da auga, aire, velocidade da auga, a cantidade de nitratos... e cando nos metemos na auga atopamos aínda máis vida ;macroinvertebrados.

Eles son quen nos van dicir cal é a saúde do río.

Aprendemos a valorar a auga.

Os nosos ríos, regatos e fontes para ter auga de calidade necesitan de todo este ECOSISTEMA.

Seremos as persoas o suficientemente intelixentes para protexelo?



OS NENOS E NENAS DE 5º CURSO DE PRIMARIA



Somos traballadores,
algunhas veces actores,
bastante falangueiros,
pero sempre bos compañeiros.




Imos ao comedor xantar
porque temos fame a rabiarse.
Na comida non calamos
porque non o intentamos.




Aproveitamos o tempo de lecer
para xogar e correr.

Somos bos deportistas
e demostrámolo nas pistas.



Imos á biblioteca,
pero non á discoteca!
Participamos na xincana
e facémolo de moita gana!



Este ano aos exipcios
decidimos imitar
e unha canción cantar,
non tocamos o trombón
pero molamos mogollón.



Para o ano xa veremos
de que nos disfrazaremos!



OS Nossos Nomes


Paula



Matias



Adrián



Carla



Maria




Samuel P



Andrea




Miguel



Nerea



Samuel



5º



PASATEMPOS ECOLÓXICOS



@ Sopa de letras.

Busca as 10 palabras na sopa de letras:





Sexto curso de Educación Primaria

Relaciona as palabras da sopa de letras co seu significado:

- * Adoita crecer na humidade:
- * Mamífero ruminante de gran tamaño:
- * Conxunto espeso de matas ou malezas:
- * É unha corrente de auga:
- * Extensión de terreo que se ve dende un sitio:
- * Depósito natural de auga que está separado do mar:
- * É equivalente ao mundo natural:

@ As 7 diferenças.


Atopa as 7 diferenças e colorea.



@ XEROGLÍFICO.


Pista 1:

Lera a sua
casa encima
Que é? _____




Pista 2:

Lámina que cobre o
Que é? _____ nois.



Pista 3:

Às vezes pode ser contaminante
Que é? _____



@ SABÍAS QUE...

Miles de árbores son plantados nas ardillas cando enterran as abelás.

Os delfíns dormen con o ollo aberto.



A avestruz ten un ollo máis grande ca cerebro.

O material natural máis resistente é a tea de araña.

O elefante é o único animal que non salta.

A árbore que crece máis rápido é o eucalipto.


Ao reciclar unha botella de plástico podemos facer a exercia para manter unha bolla encendida durante seis horas.




@ A XOGAR!

Completa as margaridas. Se escribes a letra que falta en cada pétalo atoparás...


• Un medio de transporte divertido non contaminante.



• O que pas cando separamos o lixo.



• Un lugar cheo de árbores.



Este ano cumprírase un século do inicio dun dos acontecementos fundamentais do século XX: a Revolución Rusa (ou Soviética). Velaí algunhas claves para entendela.

Todo cambiou...



Antes da revolución, Rusia tiña unha economía agrícola, en transición do feudalismo ó capitalismo. A industria estaba a medrar, baixo control estranxeiro. Era un imperio onde os rusos dominaban unha morea de pobos moi diversos por lingua, relixión e costumes. A peza de unión era a Monarquía absoluta, dirixida polo Tsar. Pero o Tsar era sostido polos grandes terratenentes e a Igrexa Ortodoxa...

A Revolución estableceu o comunismo, coa economía controlada polo Estado. Realizou unha industrialización acelerada. Substituíu a Monarquía por un réxime de partido único. Para calmar o malestar das nacións sometidas, o Estado artellouse coma federación (unión) de Repúblicas, con cadansúas institucións. Por iso, en 1922 tomou o nome de URSS (Unión de Repúblicas Socialistas Soviéticas) O Marxismo pasou a ser a ideoloxía oficial. A relixión era tolerada ou perseguida, segundo as circunstancias.



... A última monarquía absoluta de Europa desapareceu...

Nicolás II. Nikolái Aleksándrovich Románov (1868 -1918). Tsar de todas as Rusias dende o 1894. Abdicou en febreiro (marzo) do 17. Capturado polos **bolxeviques**, foi asasinado xunto coa tsarina Alexandra (Alix de Hesse-Darmstadt), e todos os seus fillos en Ekaterimburgo (xullo). O lugar chamouse por un tempo Sverdlovsk, en memoria de quen organizara o asasinato, **Yákov Sverdlov**.



... En nome do pai... da Revolución obreira internacional



Karl Heinrich Marx (1818-1883) naceu en Tréveris, Reino de Prusia (actual Alemaña). Morreu exiliado en Londres. Filósofo, economista, periodista e, coma outros intelectuais de orixe xudía fartos da opresión a que os sometían as sociedades europeas, revolucionario comunista. Pai do Marxismo, o socialismo científico, o comunismo moderno e o materialismo histórico. El e o seu amigo e mecenas Friedrich Engels publicaron o "**Manifesto do Partido Comunista**" (1848).

O seu fillo: un suxeito colectivo e cambiante nunha revolución colectivista e longa...

A revolución soviética foi realizada polo **Partido Obreiro Socialdemócrata de Rusia (POS DR)**, marxista. Fundado en 1898, e, daquela, emparentado ideoloxicamente co PSOE. En 1903 escindiuse: os **bolxeviques** querían un partido de revolucionarios profesionais e facer a revolución inmediatamente. Os menxeviques preferían un partido de masas, e que antes de facer a revolución obreira se fixese unha revolución burguesa. Os bolxeviques tomaron o poder e fixeron a revolución en 1917.



Mais, quen coñece un grupo humano sen líder/es?



O intelectual que actúa. Vladímir Ilich Uliánov (alcumado **Lenin**) (1870-1924). Reelaborador do Marxismo, pai e líder indiscutible dos bolxeviques, primeiro presidente do Goberno revolucionario, fundador da Unión Soviética.

Heroe ou demo? **Stalin** (*Home de aceiro*), alcume de Jossif Vissariónovich Dzhugashvili (1878-1953). Xeorxiano, ex-seminarista. Gobernante da URSS (1927-1953). Colectivizou a agricultura, impulsou a industrialización acelerada. Así converteu á URSS nunha potencia capaz de vencer a Alemaña -Hitler invadira o país para acabar co *comunismo xudeu-*, impoñer o seu dominio en Europa oriental e retar a EEUU na loita pola hexemonía mundial. Todo iso a costa de millóns de mortes.



Lev Davidovich Bronstein (**Trotsky**) (1879-1940). De orixe xudía. Organizador do golpe que deu o poder ós bolxeviques en Outubro, organizador do Exército Vermello que venceu ós

contrarrevolucionarios, teórico da Revolución Permanente. Asasinado en México por un español ó servicio de Stalin.

Lío nun tempo frío!!!



Cando a Revolución empezou, o Imperio ruso empregaba o Calendario Xuliano, que era o da Igrexa Ortodoxa. Pero os Estados católicos e protestantes de Europa utilizaban o Calendario Gregoriano. Entre eles, había un desfase de 13 días. Por iso, a toma do poder polos bolxeviques tivo lugar ó mesmo tempo na noite do 24/25 de Outubro (CX) e do 6/7 de Novembro (CG). Os bolxeviques, dispostos a modernizar o país, adoptaron o Calendario Gregoriano o 1 de febreiro de 1918. Pero a súa revolución, por tradición, seguiu a ser a revolución de Outubro.

Outubro, si, pero... Rusa ou soviética?

Os bolxeviques non crían na democracia liberal, representativa. Por iso, tentaron construír o novo Estado sobre un tipo de asemblea que os revolucionarios rusos crearan en 1905. Esa asemblea era o **soviet** (consello).



Iconas (laicas) para unha revolución atea

Coma todo grupo humano organizado, os revolucionarios tiñan uns símbolos para expresar as súas ideas fundamentais. Velaí os máis famosos:

1. Bandeira vermella-:



Emblema socialista e comunista asociado coa esquerda revolucionaria e o movemento obreiro no século XIX.

2- Estrela vermella de cinco puntas:

Representa os cinco dedos da man dos/as obreiros/as. Pero tamén os cinco continentes, e isto relacionase co internacionalismo marxista.



3- Fouce e martelo:



Símbolo do comunismo e os partidos políticos comunistas. A fouce representa o campesiñado; o martelo, ó proletariado industrial.

4- Lema da URSS:

É a cita da frase que pecha o **Manifesto Comunista**: Proletarios de tódolos países, unídevos! Témolos no escudo da URSS escrito nas diversas linguas das Repúblicas que a formaban.



A revolución animada:

Algo tan axitado coma unha revolución, tiña que aparecer nos cines...

Outubro:

Película soviética muda dirixida por Serguéi Eisenstein (1928). Seguindo a filosofía comunista, non ten personaxes principais.




A última orde:

Película muda dirixida por Josef Von Sternberg (1928). Narra a historia do xeneral Lodijensky, que se ve obrigado a fuxir de Rusia tras Outubro e acaba traballando en Holliwood

Reds (Roxos):

Dirixida por Warren Beatty (1981). John Reed, comunista norteamericano, periodista e activista, coñece á escritora Louise Bryant, muller casada que deixa atrás a súa vida para comezar un romance con Reed e convertirse nunha importante figura do movemento feminista. As súas conviccións lévanos ata Rusia durante Outubro. A parella regresa a EEUU cargada de ideas para liderar a súa propia sublevación.



Doctor Zhivago, dirixida por David Lean (1965). Baseada na novela de Boris Pasternak. O protagonista namórase de Lara, á que atopa, perde, atopa e perde finalmente en situacións relacionadas coa marcha de Revolución.

Xeografía e Historia 4º ESO

SUFRAXISTAS

Este ano gran parte das alumnas e profesoras da ESO decidimos disfrazarnos de sufraxistas. Esta idea ocorréusenos despois de ver na clase de valores éticos de 4º da ESO a película "Sufraxistas".



Esta película trata da loita feminista en Gran Bretaña para pedir o voto das mulleres. O filme conta a historia real dunha muller que traballaba nunha fábrica, en condicións pésimas, e convértese en sufraxista, grazas á influencia dunha compañeira de traballo. Ela quere evitar que as mulleres do futuro vivan e traballen coma ela.

Pareceunos interesante homenaxear neste entroido as mulleres que loitaron pola igualdade, pois grazas a elas, hoxe en día podemos votar e ter os mesmos dereitos cós homes.

Deunos a oportunidade de coñecer o movemento que fixo que hoxe en día teñamos dereito ao voto e a ter as mesmas condicións laborais tódalas persoas.

A película fixo que se reafirmara o noso pensamento feminista e a nosa loita pola igualdade.



CIENCIA CON NOME DE MULLER

Dificultades, atrancos, silencios ... Porque a Historia da Ciencia non foi allea ao que acontecía na Historia en xeral, para as mulleres o xénero foi posiblemente o valado máis difícil de derrubar, incluso para aquelas que traballaron en campos do coñecemento extraordinariamente complicados.

A pesar diso, moitas delas non renunciaron a formarse e a traballar en disciplinas científicas, loitando e buscando subterfuxios que lles permitiran coñecer o interior da materia, descubrir novas estrelas ou resolver complexas ecuacións matemáticas.

Tivemos que agardar ata mediados do século pasado para que os primeiros estudos de xénero puxeran en valor as achegas das mulleres nas ciencias humanas e sociais, e ata algo máis tarde no caso das ciencias experimentais. Agora ben, como ata principios do século XX ás mulleres non se lles permitiu o acceso ás sociedades científicas, reconstruír as súas historias e os seus traballos non foi doado, máxime cando moitas conseguiron traballar baixo o apelido dun pai, dun marido, dun irmán ou dun titor, polo que nos documentos oficiais non sempre se atoparon referencias femininas.

Hoxe en día sabemos que no camiño da ciencia moitas mulleres escalaron chanzos xigantes no momento histórico que lles tocou vivir. Algunhas, as menos, foron recoñecidas en vida como a excepcional Marie Curie, única muller gañadora de dous Premios Nobel, o de Física e o de Química, hai xa máis de cen anos. Moitas chegaron a ser profesoras de universidade e prestixiosas científicas, non sen ter que superar numerosos atrancos polo único feito de ser mulleres. Outras foron durante moito tempo inxustamente silenciadas e ignoradas polos seus compañeiros como foi o caso da física Lise Meitner e da bioquímica Rosalind Franklind.

Diferentes estudos seguen a poñer de manifesto que a presenza de mulleres en carreiras técnicas como enxeñerías, informática ou arquitectura é moi inferior a de homes e naquelas titulacións onde a porcentaxe de graduadas é maior esa realidade non se reflicte no acceso ao mercado laboral e, menos aínda, a postos de responsabilidade.

É por iso que, como docente de ciencias, síntome na obriga de traer ás aulas referentes femininos para o noso alumnado, en particular para as nosas estudantes, presentarlles a mulleres prodixiosas que tiveron que loitar valentemente non só para

superar as dificultades das disciplinas que elixiron, senón tamén polo seu dereito a formarse e a investigar.

Preséntase aquí unha parte do traballo desenvolvido polo alumnado de 3º e 4º da ESO nas materias de Física e Química e Bioloxía e Xeoloxía, logo de buscar información sobre científicas de diferentes nacionalidades e campos de investigación. O día 8 de marzo, Día Internacional da Muller, o alumnado agasallou aos diferentes membros da comunidade educativa cun marcapáxinas. Marie Curie, Inge Lehmann, Marie Göppert-Mayer, Lise Meitner ou Marguerite Perey nos campos da Física e a Química; ou Jane Goodall (primatóloga) e Bárbara McClintock e Lynn Alexander Margulis, na Bioloxía, foron algunhas das científicas que quixemos dar a coñecer.

Sirva este pequeno percorrido polas súas vidas e as súas achegas á ciencia coma homenaxe a todas elas e a todas aquelas que antes, ao mesmo tempo e despois, fixeron camiño abrindo as portas ás que chegaron detrás e, en definitiva, a todas nós.

MARIE CURIE



Marie foi unha extraordinaria científica que naceu en Polonia en 1867.

En 1891 mudouse a Francia porque no seu país as mulleres non podían ir á universidade, e alí estudou física, química e matemáticas.

Foi a primeira muller en chegar a catedrática na Sorbona e en gañar un Premio Nobel, así como a única en conseguir dous destes galardóns.

Analizou as propiedades do uranio e acuñou o termo "radioactividade", o que a levou a compartir con Pierre Curie, o seu home, e Henry Becquerel o Premio Nobel de Física en 1903.

Tamén descubriu os elementos químicos Polonio e Radio e gañou o Premio Nobel de Química en 1911.

Morreu de leucemia en 1934 como consecuencia da exposición continua a substancias radioactivas.

8 de Marzo de 2017
Marta Fernández Caldeiro
Física e Química 4º ESO

LISE MEITNER

Lise Meitner naceu en Viena o 7 de novembro de 1878 e faleceu en Cambridge o 27 de outubro de 1968.

Foi unha física que traballou no campo da radioactividade e da física nuclear.

Formou parte dun gran equipo de investigación que descubriu a fisión nuclear. Meitner suxeriu a existencia dunha reacción en cadea entre os átomos contribuindo, xunto con Otto Hahn e Fritz Strassmann, aos estudos en materia de física nuclear dun xeito fundamental.

Descubriu o protactinio e nomeouse na súa honra o elemento químico nº 109, o meitnerio.

No ano 1944 concedéuselle o Premio Nobel de Química a Hahn, non a Lise Meitner, aínda que esta fora proposta con anterioridade para os Premios Nobel de Física e de Química.

Non foi recoñecida por ser muller e xudea ata 1966, ano no que lle foi concedido o Premio Enrico Fermi en EEUU, polas súas contribucións á física.



8 de Marzo de 2017
Nicolás Vilela Pérez
Física e Química 4º ESO

Marguerite Perey naceu o 19 de outubro de 1909 en Francia. Quería estudar medicina, pero a súa familia non podía financiar os seus estudos. Accedeu á Escola Feminina de Ensinanza Técnica, conseguindo o Diploma de Estado de Química en 1929. Ese mesmo ano únese ao equipo de Marie Curie no instituto do Radio de París, seleccionada pola propia Marie Curie quen detectou nela unha grande capacidade intelectual a pesares de non ter estudos universitarios e encargouse de formala.



No ano 1939 Marguerite descubre o elemento 87 da táboa periódica, ao que chamou Francio. Non conseguiu ningún Premio Nobel, mais se convertíuse na primeira muller elixida membro da Academia de Ciencias de París.

Morreu de cancro de ósos no 1975.

8 de Marzo de 2017
Marta Álvarez Fernández
Física e Química 4º ESO

Bárbara McClintock

foi unha científica estadounidense nada en 1902.

A súa familia comprendeu e aceptou o seu interese pola ciencia e concedelle unha ampla marxe de liberdade.

Trala Primeira Guerra Mundial estudou citoloxía, xenética e zooloxía, mais nesa época non se lle permitía ás mulleres o acceso ás clases de xenética, polo que Bárbara matriculouse en botánica.

En 1925 doctorouse.

Nos anos 50, traballando na xenética do millo, descubriu o proceso de transposición de elementos do xenoma, isto é unha secuencia de ADN que pode moverse de forma autosuficiente polas distintas partes do xenoma dunha célula. As súas achegas contribuíron á comprensión dos factores hereditarios nas persoas,

Destacou pola súa extraordinaria facilidade para observar co microscopio os seus obxectos de estudo.

Tivo algunha dificultade económica porque por ser muller tardaron moitos anos en darlle recoñecemento polo seu traballo, ademais da discriminación que lle facían os seus compañeiros. Bárbara non se rendiu e no ano 1983 obtivo o premio Nobel de Fisioloxía e Medicina.



8 de Marzo de 2017
Esther López Álvarez
Bioloxía e Xeoloxía 4º ESO

MARIE GÖEPPERT-MAYER



Marie Göppert-Mayer naceu en 1906 en Katowice, na actual Polonia. A súa familia trasladouse a Gotinga en 1910 porque o seu pai foi nomeado profesor de pediatría na universidade.

Marie estudou nun colexio privado xa que polo feito de ser muller non se lle permitía preparar o acceso á universidade nas escolas públicas. En 1924 aprobou o exame de admisión na universidade de Gotinga para estudar matemáticas e física, doctorándose en física teórica en 1930.

Sempre recordaba as palabras do seu pai "nunca sexas só unha muller". Marie defendeu os estudos científicos para mulleres alentándoas a buscar o seu camiño.

Traballou sobre a estrutura en capas do núcleo atómico o que a levou a compartir con outros dous científicos o Premio Nobel de Física en 1963. Foi a primeira muller en recibir este premio despois de Marie Curie.

Faleceu en 1972.

8 de Marzo 2017
Uxia Fernández Pombo
Física e Química 3º ESO

INGE LEHMANN

Inge Lehmann naceu o 13 de maio de 1888 e faleceu o 21 de febreiro de 1993, en Copenhague.

Traballou nos campos da matemática, xeofísica, sismoloxía e loxística.

Foi a primeira persoa en postular que o núcleo da Terra estaba dividido en dúas partes: unha esfera interna sólida (núcleo interno) rodeado por unha capa líquida (núcleo externo). Posteriormente, á descontinuidade entre os dous núcleos púxoselle o nome de Descontinuidade de Lehmann, na súa honra.

En 1971 gañou a Medalla William Bowie debido ós seus descubrimentos fundamentais no campo da xeofísica.


Na súa honra, a Unión Americana de Xeofísica estableceu no 1997 a Medalla Lehmann para premiar a investigación na composición do manto e do núcleo da Terra.



8 de Marzo de 2017
Nicolás Vilela Pérez
Bioloxía e Xeoloxía 4º ESO

JANE GOODALL

É unha primatóloga, etóloga, antropóloga e mensaxeira da paz da ONU que naceu en Londres en 1934.



Estudou o comportamento social e familiar dos chimpancés no Gombé National Park en Tanzania. Fixo o recoñecemento da aprendizaxe social, o pensamento, actividade e cultura dos chimpancés salvaxes, a súa diferenciación dos bonobos e a inclusión de ambas as especies xunto co gorila nos homínidos.

Unha das súas maiores contribucións á primatoloxía foi o descubrimento do uso de ferramentas polos chimpancés: observou que algúns exemplares introducían ramiñas nos furados dos termiteros, de xeito que algúns térmites agarraban o pau coas súas mandíbulas e ao retiralo podían ser comidos polo animal.

No seu método de estudo dos primates introduciu unha compoñente humana ao nomear aos animais en troques de asignarlles un número, práctica habitual ata entón.

8 de Marzo de 2017
Borja Souto Veiga
Bioloxía e Xeoloxía 3º ESO

LYNN ALEXANDER MARGULIS



Naceu en 1938 na cidade de Chicago. Aos 16 anos foi aceptada no programa para persoas non graduadas da Universidade de Chicago, licenciándose aos 20 anos. En 1958 continuou a súa formación na Universidade de Wisconsin como alumna dun Máster en Ciencias e profesora axudante. Estudou bioloxía celular e xenética, xeral e de poboacións.

Desde un principio sentíuse atraída polo mundo das bacterias. Margulis investigou en traballos ignorados e olvidados para buscar apoio á súa primeira intuición sobre a importancia do mundo microbiano na evolución. As súas achegas á bioloxía e ao evolucionismo son múltiples, destacando a clasificación dos seres vivos en cinco reinos e a teoría da embiosimbiose, a cal propón que as células eucariotas evolucionaron a partir de diferentes células procariotas mediante modificacións e asociacións (SIMBIOSE) que se fixeron permanentes.

Morreu o 22 de novembro de 2011 traballando no seu laboratorio, despois de pasar os seus últimos anos en España.

8 de Marzo de 2017
Antón López Villares
Bioloxía e Xeoloxía 3º ESO

LER E COMPARTIR

Algo máis ca un entretemento

O club de lectura promoveu este curso as lecturas compartidas entre o alumnado de primaria. En que consiste esta actividade? Pois moi sinxelo, consiste en ler en alto para outros compañeiros e compañeiras, tratando de gozar e facer gozar a outros/as –oíntes e lectores- da experiencia da lectura.



E que beneficios teñen as lecturas entre iguais? Con esta práctica tan sinxela, os nenos e nenas perciben a través da propia experiencia, é dicir, poñéndose no papel de lector/a, a importancia da teatralización (entoar correctamente, vocalizar, xogar cos silencios, xestualizar...) para captar a atención dos oíntes.



É un feito probado que alumnas e alumnos se esforzan o dobre por sorprender e compracer os seus iguais antes que os adultos. Desta maneira, conséguese que ensaien, practiquen e se imaxinen facendo a mellor das lecturas posibles dunha maneira moito máis natural!! Todos/as queren facelo ben e dar o mellor de si!. E fano!



É só un entretemento? Non. Sen darse conta están a practicar e a aprender con este pequeno xesto, un dos aspectos máis difíciles e importantes da lectura, e sen o cal nin a lectura nin a escritura terían sentido: **transmitir.**



Poder experimentar a satisfacción de ser capaz de transmitir emocións, de que outros e outras rían, se asusten un pouco, se sorprendan ou simplemente presten atención á historia que un/unha conta, é un motor que non só impulsa a querer seguir lendo e compartir, senón a mellorar como transmisor/a e perfeccionar a lectura.



Se a aprendizaxe é compartida ou se pode compartir o que aprendo, esta adquire un sentido *catalizador*, é dicir, estimula positivamente o desenvolvemento dun proceso e polo tanto querei volver a vivilo e repetir a experiencia. En definitiva, querei volver ler e que me lean.



Na actividade participaron tódolos grupos de primaria e o último curso de E.I. ao longo do 2º e 3º trimestre. Os seus titores e titoras

acompañaron a clase ao longo deste proceso (seleccionar as lecturas, motivalos, apoialos...) e cada clase puido vivir a experiencia de ler a outra clase e tamén participar como oíntes.

O próximo curso, repetiremos!. Eles e elas, seguro queren volver a vivir a experiencia!

O Club de Lectura, *Barallando Saberes*

Semana da prensa



As nosas festas

Nadal

en crocido

Samain

Letras Galegas

Equipo de actividades complementarias e extraescolares

SAMAÍN 2016




Samaín significa fin do verán, principio do inverno. Na antiga cultura céltica, a noite do 31 de outubro ao 1 de novembro era a máis importante do ano, as portas doutro mundo abríanse nesas horas e as ánimas eran quen de vir visitar este mundo e aos seus moradores.

Para afastar dos seus castros as perigosas ánimas defuntas e errantes adoitaban poñer caveiras iluminadas dos inimigos mortos en campaña. De aquí vén a tradición europea de facer caveiras nas cortizas dos melóns ou nas cabazas.

A festa do Samaín marcaba para os celtas os comezos dun novo ano. Nesta prendíanse lumes sagrados e con esta fogueira alimentábanse as lareiras de todas as casas.

O noso alumnado, coa axuda de pais e profesorado colaboraron na decoración de cabazas para o corredor do centro.



NADAL 2016

O pasado 21 de decembro celebrouse o festival de Nadal no colexio; sempre é un pracer gozar coas actuacións dos nenos e nenas e as caras de emoción dos familiares que acoden a velos!!



DÍA DA PAZ

O 30 de xaneiro de 2017
celebramos o día da Paz cunha
solta de globos do máis vistoso...



ENTROIDO

O venres, 24 de febreiro de 2017, celebrouse o entroido cun festival do máis colorido, divertido e cheo de humor...





XUÍZO DO ENTROIDO 2017

XUÍZA

Bos días. Fagan o favor de prestar atención.

Estamos hoxe aquí para xulgar o Entroido polas falcatuadas das que é acusado, cometidas ó longo dun ano enteiro. Escoitaremos os argumentos da acusación e da defensa, e tomaremos logo unha decisión.

Comence, pois, o xuízo.

ACUSACIÓN: esta ano, o Entroido fixo algo que nunca fixera, eu creo que ata se pasou un pouco coa broma. E non se lle ocorreu facer que Donald Trump gañara as eleccións!

DEFENSA: entendo o abraio da acusación, enténdoo, pero o caso é que o Entroido non é o culpable, porque el nin sequera votou nesas eleccións.

ACUSACIÓN: xa, xa, e dirás que tampouco é o responsable de que estiveramos varios meses sen goberno. Por pouco non hai unhas terceiras eleccións!

DEFENSA: pois claro que o digo, o Entroido non está nin censado, así que el non sabe nada de votacións.

ACUSACIÓN: máis ben, fará que non sabe. Porque o que está claro é que o Entroido ten a culpa de que non haxa maneira de saír desta crise, por moito que nos digan que xa vai pasando.

DEFENSA: que teima con botarlle a culpa! Non hai ningunha proba de que así sexa, el vive alleo a todos eses temas.

ACUSACIÓN: e o que xa non ten nome é que se lle ocorrera subir o prezo da luz, xusto nos días de máis frío do inverno. Iso si que é amolar!

DEFENSA: non vou negar que é unha faena, non o vou negar. Pero de novo teño que dicir que o Entroido non sabe nada diso, e que a el mesmo non lle tivo moita graza.

ACUSACIÓN: ademais, non contento con iso, estivo enredando ata que Isabel Preyler e Vargas Llosa se xuntaran.

DEFENSA: nada que ver, e aínda que fora así non vexo o problema, cada un emparella con quen quere.

ACUSACIÓN: e por riba, foi o culpable de que Justin Bieber lle dera unha labazada a un fan.

DEFENSA: O Entroido? A acusación mesma o di, o culpable foi Justin Bieber, que o Entroido nin andaba por alí.

ACUSACIÓN: e tamén has de dicir que non ten nada que ver co roubo á Kardashian?

DEFENSA: efectivamente, pero nada, nada, que o Entroido nunca de aquí saíu.

ACUSACIÓN: pois se nunca de aquí saíu, ben lle deu tempo a pintar o colexio, que o deixou como se fose unha gardería.

DEFENSA: pero parece mentira, hai testemuñas de que non o fixo o Entroido, e logo non se viron os pintores varios días polo colexio?

ACUSACIÓN: algo debeu de facer por aquí, porque ben que se entretivo estragando os ordenadores dalgunhas aulas.

DEFENSA: que ía ser o Entroido! Que non entende nada de tecnoloxías.

ACUSACIÓN: xa, xa, e dirás que tampouco ten a culpa de que quedara o centro case sen árbores, con tanta obra.

DEFENSA: ti mesmo o dixeches, iso foi debido ás obras, o Entroido non tivo nada que ver nese asunto.

ACUSACIÓN: eu sigo acusando o Entroido de estar detrás de todo isto, de feito, estou convencida de que foi el o responsable dos ruídos das obras.

DEFENSA: ruídos? Aínda has ter queixa! Que non se pode dicir que molestaran! E, en calquera caso, xa me dirás ti se alguén pode dicir que vira o Entroido traballando no centro.

ACUSACIÓN: pois o que non me has poder negar é que este boneco enredou e enredou ata que Bisbal lle acabaou facendo a cobra a Chenoa.

DEFENSA: que cobra nin que cobra! Que ben dixó Chenoa que non houbera tal cousa. Aquí quen máis enreda es ti!

XUÍZA

Non se fale máis, xa teño unha idea clara do que aconteceu todo o ano e de quen é o responsable. A miña decisión está tomada: o Entroido, aquí presente, debe acabar na fogueira!

Alumando de ESO

Semana da Prensa



Do 6 ao 10 de marzo o centro CPI Luís Díaz Moreno celebrou a 29ª edición da Semana da Prensa na Escola, unha iniciativa instituída oficialmente dentro do calendario escolar en 1989.

Grazas a esta efeméride, miles de escolares galegos puideron traballar cos xornais de diferentes modos complementando os seus libros, convertendo a prensa nun elemento pedagóxico máis, fomentando a súa lectura e desenvolvendo co iso o sentido crítico de nenos e novos.

Como punto de partida e base definiuse o termo "prensa", para despois explicar as súas finalidades e globalización. Logo, enfocouse a parte de afonde, a máis extensa en canto á temporalidade do proxecto á prensa xornalística, por ser a máis accesible e idónea para o traballo na aula.

Deste modo concretáronse os contidos e estrutura dun xornal, e levouse a cabo unha distribución dos alumnos/as en grupos:

-En infantil, asignando a cada un o seu correspondente departamento de ámbito temático: noticias da comarca, de Galicia, de España e internacionais; temas de sociedade; de deporte, de política, a publicidade... Cada "grupo de xornaleiros" ocupouse de analizar as páxinas de xornal do seu ámbito correspondente, para confeccionar, mediante a selección de artigos do seu interese, un "collage" de cada unha das seccións, co seu título e subtítulos de acorde.

- Nas clases de Primaria traballaron en equipos cooperativos para elaborar diferentes actividades propostas polo propio xornal EL PROGRESO. Foi un traballo moi enriquecedor no que cada un deles achegou o mellor de si mesmo en beneficio do grupo.

Finalizado este proxecto de toma de contacto coa prensa xornalística, o alumnado experimentou a sensación de ser xornalistas; difundindo primicias á sociedade, crendo as novas como propias e recollidas de primeira man; os primeiros sabedores ós que logo se unirán tódolos usuarios da prensa xornalística.



LETRAS GALEGAS

O pasado venres, día 12 de maio, celebramos o día das Letras Galegas no cole cun festival cheo de traballo do alumnado que estivo guiado polo seu profesorado. Todo o traballo se desenvolveu con moita imaxinación e un chisquiño de lembranza!!






OS DEPORTES DE RAQUETA EN PRIMARIA


Na clase de EF practicamos varios deportes de raqueta .O tenis, o bádminton, o xogo das pas e o tenis de mesa, son algún deles.

Todos estes xogos adaptámoslos ás distintas idades, facendo predeporte como introdución e iniciación á futura práctica deportiva.




Xogo das pas

Tenis



Bádminton



Tenis de mesa

PASATEMPOS MATEMÁTICOS

Alumnado de 3º ESO


De gatos e ratos

Se 3 gatos cazan 3 gatos en 3 minutos, cantos gatos cazarán 10 ratos en 10 minutos?



A roda numérica

Sitúa os números do 1 ao 9 nos cadros do taboleiro de forma que todas as liñas de 3 números sumen 15.




A lagarta e o

lagarto

A lagarta pensa que tanto ela como o lagarto están tolos. Se o que cre o cordo é sempre certo e o que cre o tolo é sempre falso, está cordo o lagarto?

Cálculo de probabilidades

Hai varios tipos de dados, como podes ver na figura:



Catro amigos queren ir a un concerto pero ninguén quere ir comprar as entradas. Para decidir quen irá organizan un xogo:

- a) María irá se sae un número impar nun dado cúbico.
- b) Juan irá se sae múltiplo de 2 nun dado icosaédrico.
- c) Joel irá se sae un número menor que 3 nun dado tetraédrico.
- d) Andrea irá se sae un número maior ou igual que 5 nun dado octaédrico.

Cres que todos teñen as mesmas posibilidades de ir polas entradas?





O problema das oito damas

Colocar sobre un taboleiro de xadrez oito damas de forma que non se ameacen entre si ou, o que é o mesmo, que en cada fila, columna ou diagonal haxa como moito unha dama.

De cantas formas distintas pode resolverse este problema?

O carpinteiro

Un carpinteiro ten 32 metros de madeira e quere construír un pequeno valado arredor dun xardín. Está considerando os seguintes deseños.




Que deseños pode construír cos 32 metros de madeira?
(problema procedente das probas PISA)

Soluciones

De gatos e ratos

Se 3 gatos cazan 3 ratos en 3 minutos, quiere decir que un gato necesita 3 minutos para cazar un rato. En cazar os 10 ratos tardará 30 minutos. Como so dispoñemos de 10 minutos, necesitamos $30/10 = 3$ gatos.

A roda numérica



A lagarta e o lagarto

A lagarta non pode estar corda porque sería certo o que cre, ou sexa, estaría corda e tola á vez. Como está tola o que pensa é falso, polo que o lagarto está cordo.

Cálculo de probabilidades

Nos catro casos a probabilidade é $1/2$.

O problema das oito damas

Na imaxe pode verse unha das solucións.


Hai 92 solucións distintas, que poden reducirse a 12 porque as outras son rotacións ou reflexións dunha destas 12.

Na Wikipedia poden verse as 12 solucións:

https://es.wikipedia.org/wiki/Problema_de_las_ocho_reinas



O carpinteiro

Pode construír todos menos o B.




PASATEMPOS MUSICAIS

Que instrumento toca o noso amigo? Escribe o nome de cada figura e descúbreo!



SUDOKU MUSICAL



Que instrumento toca cada rapaza?



Agora une a cada rapaza co seu instrumento correspondente:



Saxofón

Tambor

Arpa

Violonchelo



